

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 16/02/2017.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D. Manuel Beceiro Couce.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Romero Castrillón.
D^a María Belén Trigo Meizoso.
D. Eduardo Lourido Doval.

Concelleiros ausentes:

D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezasete horas e trinta minutos do día dezaseis de febreiro de dous mil dezasete, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de xaneiro do presente ano dous mil dezasete. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. ACORDO RELATIVO Á DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA RECADACIÓN EN PERIODO EXECUTIVO DE TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS MUNICIPAIS.

Dase conta polo Sr. Alcalde da necesidade de rectificar o acordo adoptado coa mesma finalidade na anterior sesión plenaria, por recomendación dos técnicos da Deputación e debido a

cuestións de carácter técnico. A proposta da Alcaldía en relación con este asunto, favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello é a seguinte:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS MUNICIPAIS
FUNDAMENTOS*

A Deputación provincial aprobou as Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, publicadas no BOP nº 236 do 15/12/2016.

Consonte estas bases, os concellos que así o soliciten poderán delegar nos servizos da Deputación a recadación en período voluntario ou executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso municipal de carácter público.

Debido a que, por mor das limitacións existentes á contratación de persoal por parte das entidades locais, o Concello de San Sadurniño non dispón dos medios necesarios para unha correcta xestión en vía executiva dos tributos e demais ingresos municipais.

Esta limitación ten repercusións económicas nos ingresos municipais, e polo tanto tamén na obrigatoria estabilidade orzamentaria do Concello.

Perante esta situación, sería conveniente que o Concello de San Sadurniño se acollese aos servizos que oferta a Deputación neste eido.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

- 1. O Concello de San Sadurniño acorda delegar na Deputación provincial da Coruña a recadación en vía executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano, que non fosen delegados previamente. Esta delegación non será efectiva mentres non sexa aceptada expresamente polo pleno da Deputación provincial.*
- 2. O Concello adhírese ás Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, recollidas no BOP nº 236 do 15/12/2016.”*

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres abstencións, dos dous concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda aprobar a referida proposta da Alcaldía de ampliación da delegación de competencias tributarias na Deputación Provincial, tal como foi formulada.

TERCEIRO. ACORDOS RELATIVOS AO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS “POS+ 2017”.

O Sr. Soto explica as características da convocatoria do Plan de que se trata e os cambios que presenta respecto a anualidades anteriores, que incrementarán o importe dos recursos disponibles e a autonomía dos concellos para a súa utilización. Explica que se adicará o máximo posible a gasto corrente en servizos básicos, particularmente recollida de lixo, alumeadado, mantemento de accesos a núcleos e conserxería do centro escolar, e que se presentan ademáis seis proxectos de obras, tres para inclusión directa no Plan e tres dentro do plan complementario, que permitirá a reinversión de posibles baixas de adxudicación. Explica tamén brevemente as principais características de cada un deses proxectos, que obran no expediente.

A proposta que se somete ó pleno foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Lourido di que non tivo acceso á totalidade da documentación e tampouco tivo tempo para o seu estudo detallado, polo que se absterá na votación.

O Sr. Romero di que segundo o grupo de goberno a rede viaria está en boas condicións, pero os veciños demandan a reparación de moitas pistas nas asembleas sobre o presuposto. O seu grupo apoiará a proposta, indicando que farían falla moitos máis cartos para acometer tódalas obras necesarias. Pregunta tamén se nos procedementos de contratación utilizaranse os pregos da Deputación, e se a Deputación pagou esas obras, porque di que tiveron informes contrarios de Intervención.

O Sr. Soto resposta que en efecto a maioría das obras foron solicitadas polos veciños nas asembleas realizadas, e que por suposto, os contratos realizáronse con informes favorables e cumprindo co establecido na lei e nos pregos-tipo da Deputación, e por suposto que o Concello recibirá o importe correspondente á aportación provincial a todas esas obras.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de nove votos favorables, dos concelleiros do BNG e os dous presentes do PP, cunha abstención, do concelleiro de PSOE, acorda:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores: 0 €.

B) Financiamento de gastos correntes:

| | |
|---|--------------|
| Achega provincial 2017 aplicada ó financiamento de gastos correntes | 274.508,44 € |
| Subtotal gasto corrente | 274.508,44 € |

C) Financiamento de investimentos:

| Achega provincial 2016 Denominación da obra | Financiación do investimento | | |
|--|------------------------------|----------|------------------|
| | Deputación | Concello | Presuposto total |
| Pavimentación dos camiños de A Fraga-Penalonga-AC-861, O Casncelo-Vilaverde-Brame e outros | 110.478,42 € | 0,00 € | 110.478,42 € |
| Pavimentación dos camiños de A Veiga, As Calvelas, A Rega e outros | 58.449,85 € | 0,00 € | 58.449,85 € |
| Subtotal investimentos achega provincial 2017 | 168.928,27 € | 0,00 € | 168.928,27 € |

| Préstamo provincial 2017 Denominación da obra | Financiación do investimento | | |
|---|------------------------------|----------|---------------------|
| | Préstamo Deputación | Concello | Presuposto total |
| Pavimentación dos camiños de Xestal-Filgueiras, Lourido, Riolimpo-Vilarbó e outros | 51.282,26 € | 0,00 € | 51.282,26 € |
| Subtotal investimentos préstamo provincial 2017 | 51.282,26 € | 0,00 € | 51.282,26 € |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos: 0 €.

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas: 0 €.

F) Redución de débeda con entidades financeiras: 0 €.

G) Resumo:

| Subtotais | | Deputación | Concello | Total |
|---|---------------|---------------------|---------------|---------------------|
| A - Subtotal pago a provedores | | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| B - Subtotal gasto corrente | Achega 2017 | 274.508,44 € | 0,00 € | 274.508,44 € |
| C - Subtotal investimentos achega provincial 2016 | Achega 2016 | 168.928,27 € | 0,00 € | 168.928,27 € |
| C - Subtotal investimentos préstamo provincial 2017 | Préstamo 2017 | 51.282,26 € | 0,00 € | 51.282,26 € |
| D – Honorarios de redacción | | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| E – Achegas municipais a outros plans | | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| F – Reducción débeda | | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| TOTAL GASTO CORRENTE | | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| TOTAL ACHEGA 2016 | | 168.928,27 € | 0,00 € | 168.928,27 € |
| TOTAL ACHEGA 2017 | | 274.508,44 € | 0,00 € | 274.508,44 € |
| TOTAL PRÉSTAMO 2017 | | 51.282,26 € | 0,00 € | 51.282,26 € |
| TOTAL XERAL | | 494.718,97 € | 0,00 € | 494.718,97 € |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financieramente sostibles | Orzamento |
|---|--------------|
| Mellora da accesibilidade e da seguridade vial na Avenida Marqués de Figueroa | 66.654,33 € |
| Senda peonil no Camiño Grande (Igrexafeita) | 44.487,25 € |
| Pavimentación dos camiños de Silvalonga e A Fraga-Os Pontigos | 47.941,77 € |
| TOTAL | 159.083,35 € |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

CUARTO. ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2017.

O Sr. Soto di que xa foi presentada toda a documentación necesaria, que o proxecto presenta un superávit de 40.000 euros por imperativo da normativa sobre estabilidade, pero que tódalas necesidades quedan cubertas, estando toda a información precisa en posesión dos grupos políticos, formando un documento completo e transparente, encabezado por unha detallada memoria. Di que se conxelan os tributos e que a financiación propia acada soamente o 36,5%, manifestando a endémica dependencia económica dos concellos. A previsión de ingresos é cautelosa, o que permitirá previsiblemente acudir á xeración de crédito para ampliar algúns gastos, e se mantén o esforzo inversor, aínda que aumenta a parte adicada a gasto corrente.

O proxecto de orzamento foi favorablemente dicataminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Lourido fai unha breve referencia á previsión de ingresos do capítulo 9 e di que hai algúns detalles que non comprende ben, e que tampouco tivo tempo suficiente para o estudo do documento, polo que se absterá na votación.

O Sr. Romero interven de seguido para dicir que segundo a memoria do presuposto, todo o malo é culpa dos políticos de dereitas, pero para empezar temos un gasto en persoal que é o maior de Galicia, para un concello de menos de tres mil habitantes, e unhas medidas de austeridade ben entendida, ao contrario da que se aplica por outras forzas políticas. Di que sería necesario aumentar a cobertura do servizo de axuda no fogar en lugar de manter tanto asesor, porque hai horas de SAF non aproveitadas polo Concello. Fala tamén do mal estado das pistas, mentres baixa a cantidade adicada a investimentos. Se recorta en axudas a clubs como Brío, e se di que se aforran miles de euros coa recollida selectiva de lixo porta a porta, pero non que se pagan 6.000 euros a Adegas por ese mesmo servizo, e non se lembra o aumento do 25% no imposto de vehículos ou o reaxuste das taxas. Critica tamén o contido dalgunhas partidas concretas, como a do salario da arquitecta municipal ou a partida destinada a asesoría e proxectos, que considera excesiva. Di tamén que o balance do BNG non é para presumir: un 73% máis de gasto en persoal en dez anos, ademais do incremento no gasto corrente, con gastos moi superiores ós que criticaban cando estaban na oposición, mentres non se resoven problemas como o do seguro complementario para os nenos do colexio. Remata demandando un orzamento realista en lugar do presentado, anunciando o voto contrario do seu grupo, xa que o BNG ten maioría para aprobalo cos seus votos, e reiterando a súa petición de que se adique máis a axuda no fogar e menos a asesores.

O Sr. Soto resposta reiterando o apoio do seu grupo á proposta de orzamento porque cren nel, porque coñecen a realidade e a contorna, non como o Sr. Romero. Di que non se pode frivolar coa dependencia facilitando datos en frío, sen explicar, porque é éticamente reprochable. Di que este é o concello da comarca de Ferrol no que máis euros por habitante se gastan en servizos sociais, pero que ás veces non se pode asumir a prestación de máis horas de SAF pola cofinanciación á que a Xunta obriga ós concellos, di que dispoñen de tódolos datos e menciona as percentaxes de gasto na materia de As Somozas, o máis baixo, co 4%, financian un equipo de fútbol con 300.000 euros, pero non teñen cartos para atender á súa xente, fronte ó 22% de San Sadurniño, por enriba de Ares, Mugardos e os restantes municipios da zona. Di que este é o tema estrela do PP, pero que máis de 300.000 euros van a servizos sociais neste Concello, e a través do capítulo 1, con persoal propio, non do capítulo 2 e mediante contratos administrativos, como fan outros, polo que se falamos de sustentabilidade, a suma deses dous capítulos é menor que nos outros concellos da contorna, sendo tamén os terceiros en importe destinado a investimentos, e sen débeda viva algunha. En canto ós asesores, téñense os que se precisan, e coa súa axuda levantáronse importantes lousas que pesaban sobre o Concello, e sempre se adxudican mediante concursos, como marca a lei. En canto á conxelación de taxas, minte o PP, porque non importan as subas anteriores, agora falamos de 2017, e non de 2015 nin de 2011, cando o PP subeu o IBI dende a oposición, feito sen precedentes coñecidos. En 2017 non se aumenta importe algún, e en canto a novos servizos, a lei obriga a establecer tributos que compensen os seus custes. Non se poden pagar mellores festas con menos ingresos.

Interven finalmente o Sr. Alcalde, para indicar que no debate político permítese todo, pero non se debe mentir a propósito, porque neste proxecto non hai consignación algunha para asesores, a partida correspondente non ten dotación económica. En canto ó tema da arquitecta, o que se fixo foi unha contratación de substitución para cubrir unha baixa laboral da persoa que ocupa a praza. Tamén é falso o dito sobre o SAF, porque a aportación municipal é maior que o indicado polo Sr. Romero. Estes problemas son consecuencia da inxusta distribución da financiación local, que penaliza a dispersión da poboación, cando resulta que a prestación dos servizos ten un custe máis alto nestes casos.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP, e unha abstención, do do PSOE, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento deste Concello para o ano 2017, establecendo a súa contía, en gastos, na cantidade de DOUS MILLÓNS SEISCENTOS NOVENTA E CINCO MIL EUROS (2.695.000), e asignando a cada un dos capítulos en que se organiza a súa clasificación económica as seguintes cantidades:

| CAPITULO | INGRESOS | | GASTOS | |
|----------|---------------------------------|----------------|---------------------------|----------------|
| CAP. 1 | Impostos directos | 680.000,00 € | Gastos de persoal | 1.130.275,00 € |
| CAP. 2 | Impostos indirectos | 20.000,00 € | Gastos correntes | 835.500,00 € |
| CAP. 3 | Taxas, prezos públicos e outros | 294.000,00 € | | 0,00 € |
| CAP.4 | Transferencias correntes | 1.345.000,00 € | Transferencias correntes | 99.200,00 € |
| CAP. 5 | Ingresos patrimoniais | 5.000,00 € | | 0,00 € |
| CAP. 6 | Alleamento investimentos | 1.000,00 € | Investimentos reais | 628,025,00 € |
| CAP.7 | Transferencias de capital | 338.700,00 € | Transferencias de capital | 2.000,00 € |
| CAP. 8 | | 0,00 € | | 0,00 € |
| CAP. 9 | Pasivos financeiros | 51.300,00 € | | 0,00 € |
| TOTAIS | | 2.735.000,00 € | | 2.695.000,00 € |

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito orzamento.

3º.- Aprobar, de conformidade co establecido nos artigo 126-1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 2 de abril, a plantilla que comprende os postos de traballo existentes no Concello, segundo a Relación de Postos de Traballo oportunamente aprobada, e o resto da documentación complementaria adxunta ó proxecto de Presuposto.

4º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

5º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, previo o cumprimento do trámite de

publicación do resumen por capítulos, xunto coa documentación complementaria establecida na lexislación aplicable.

6º.- Ordea-la remisión de copias do Presuposto, e da información e documentación relativa ó mesmo comprendida na normativa aplicable, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,